



Dramaturxia e dirección:
Ángel Sánchez e Ana I. Gallego
Música:
Ángel Sánchez
Actriz e cantante:
Ana I. Gallego

La Granja Teloncillo

Domingo, 29.09.2024 ás 11.30 e 13.00 h

• **Canciós e música en directo, sobre poemas de:**
Marieta Monedero, Gloria Fuertes, Alicia Herrerros,
María Elena Walsh e Antonio Gómez Yebra

• **Duración: 35 min aprox.**

• **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

Maruja a Grilleira erguese ao cantar o galo. Sácase catro lagañas e lávase coma un gato... Pasaremos un día enteiro na granxa, desde o amencer ata a caída da tarde cos animais, as súas voces e sons e o campo e os seus produtos como base esencial dunha alimentación sa. Para aderezar contaremos cun ramo de sorpresas, sons, caixas, instrumentos, silencio e maxia. Que foi primeiro, o ovo ou a galiña? Cancións e música en directo, sobre poemas de Marieta Monedero, Gloria Fuertes, Alicia Herrerros, María Elena Walsh e Antonio Gómez Yebra.



- Mellor espectáculo para a Primeira Infancia FETEN 2018.
- Finalista dos Premios MAX 2019.
- Recomendada pola Rede Española de Teatro e Circo.



Cabaliño Hop Soledad Felloza

Domingo, 06.10.2024 ás 11.30 e 13.00 h

• **Espectáculo con música en directo**

• **Duración: 35 min aprox.**

• **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

Valentín é un cabalo moi especial, é azul e soña con saír do carrusel onde un día e outro tamén, leva de paseo a moitos nenos e nenas. Soña con galopar moi lonxe, ata o río e máis alá. A Lúa, que sabe dos seus soños, unha noite prepara un agasallo como só pode facer a Lúa. Espectáculo moi musical, cada neno xoga co adulto e vai cantando e contando. Música tradicional do Uruguai e África.

Depósito legal: C 1373-2024

Boob
escena
AUTONO
2024

~
C
ÁGORA

As persoas que tiveron a sorte de asistir a unha función de teatro para bebés adoitan amosar interese por repetir a experiencia. A emoción que destilan estas obras sobre o escenario é de alta intensidade.

As obras para espectadoras/es tan precoces reúnen algúns requisitos. Un deles é a proximidade entre a escena e o público, o que leva a que o patio de butacas se transforme nunha zona pegada ao escenario, con alfombras, coxíns, pequenos bancos..., onde nenas e nenos poden permanecer sentados con menos rigor e dun xeito máis acorde á súa anatomía, á beira dos seus pais. O segundo requisito é a duración, que flutúa entre 30 e 45 minutos, que é o tempo que a atención dun bebé se pode fixar na actividade.

As propostas que presentamos este ano son moi variadas: con ou sen palabras, con obxectos, con música, con movemento, con efectos audiovisuais... Todas pretenden despertar sensibilidades e transmitir emocións achegándonos ao teatro, á danza, á música, á vida.

“Porque os nenos e as nenas merecen e necesitan que a arte forme parte das súas vidas; porque as artes escénicas contribúen á súa formación emocional, a desenvolver a empatía e a xerar sociedades máis xustas. Merecen poder emocionarse e gozar con contidos de calidade que lles falen da realidade da que eles e elas son partícipes. Merecen un mundo cheo de arte”.
(ASSITEJ España. Artes Escénicas para la Infancia y la juventud).

ACCESO

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

- Pídese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que comece a función.
- Todas as persoas que accedan ao recinto no que terá lugar o espectáculo deben facelo con entrada independentemente da idade que teñan e de se ocupan ou non asento.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Capacidade reducida.

ENTRADAS

- ENTRADA: 6,00 €
- ABONO FAMILIAR: (3 entradas para a mesma función: de venda só nos despachos de billetes): 15,00 €
- MENORES DE 3 ANOS: 2,00 €

VENDA DE BILLETES

- www.ataquilla.com
 - Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.
 - Despacho de billetes do Ágora: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).
- PAGAMENTOS: No despacho de billetes da praza de Ourense, do Ágora e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.



MÁIS INFORMACIÓN:
www.coruna.gal/cultura

~
C
Concello da Coruña

~
C
ÁGORA

Boob
escena
AUTONO
2024

~
C
ÁGORA





Dirección: Laura Sarasola e Juan Rodríguez
Escenografía: Caramuxo teatro
Deseño son: Dani Pais
Deseño iluminación: Dani Pais
Vestuario: Diego Valeiras

Catro Caramuxo

Domingo, 27.10.2024 ás 11.30 e 13.00 h

- **Espectáculo de danza**
- **Duración: 30 min aprox.**
- **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

Unha peza visual que xoga coa vida, coas formas, os sons, as texturas e o movemento. CATRO lados ten un cadrado, catro son as estrelas que vexo desde a miña habitación, catro os recunchos do meu lugar favorito... CATRO é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida a través do movemento como linguaxe e canle de coñecemento. Un espectáculo para gozar en familia.



Dirección artística, guitarra e voz: Faló García i Pellejà
Dirección escénica: Anna Castells
Dramaturxia, actriz e cantante: Aina Sánchez
Dirección musical, piano, saxo e voz: Maria Cruz

Madame Lumière La Menuda

Domingo, 10.11.2024 ás 11.30 e 13.00 h

- **Espectáculo pluridisciplinar**
- **Duración: 35 min aprox.**
- **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

As estrelas chiscarán o ollo e as luces cálidas dos fogares abríranse, mentres os máis pequenos de casa, ao ritmo dunha sutil melodía, pecharán os ollos entrando nun soño doce e profundo. É nese momento cando chega “Madame Lumière”. Ela encargárase de darlle vida aos soños ao longo de toda a noite: soños en mares profundos, soños de nenez, soños en carpas de circo... e incluso en algunha pesadilla. A noite rodeada dun espazo sonoro e dunha delicada banda sonora interpretada con unha exquisita excelencia, chegará ao amencer, a hora de despertar e gozar do recordo dos soños vividos durante esta fermosa noite.



Narración: Ángeles Goás

Un saco de contos Ángeles Goás

Domingo, 24.11.2024 ás 11.30 e 13.00 h

- **Espectáculo de narración oral composto por unha selección variada de contos tradicionais.**
- **Duración: 45 minutos**
- **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

Un saco de contos é un espectáculo de narración oral composto por unha selección variada de contos tradicionais e/ou literarios. A súa temática é variada e pode adaptarse a públicos de distintas idades. Os contos contados nesta sesión saen dun saco máxico cargado de historias que, libremente, regala a cambio de recitados, trabalinguas e adiviñas.



Dirección e interpretación: Eugenia Manzanera
Música en directo e espazo sonoro: Mónica Botella
Texto: Eugenia Manzanera / tradición oral
Deseño de posta en escena, luces, vestuario: MELANERA

Historias con Candela Eugenia Manzanera

Domingo, 01.12.2024 ás 11.30 e 13.00 h

- **Espectáculo con música en directo**
- **Duración: 35 mi aprox.**
- **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

Selección de contos, retahílas, cancións, rimas asonantes e consonantes... palabras, palabras... que se fan vida a través do xogo e a imaxinación. Todo “conta” nesta sesión de contos; a “contadora” utilizará o seu propio corpo, a súa voz, luvas-animais, obxectos (os obxectos están vivos, teñen o seu fluír, posúen historias, texturas, palabras, sons rápidos ou lentos) e por suposto libros (libros como caixiñas que encerran cores, personaxes, palabras). Acompañada pola música de Mónica Botella (guitarra, acordeón, sansula, segunda voz...) e demais instrumentos que tocará para envolver a Candela e a todos os que se acheguen a escoitar e sentir as súas historias.



Dirección artística: Aboon teatre
Interpretación: Eduardo Telletxea e Mei Samarra
Vestuario: Annie Wickaert
Deseño de luces: Estefano Razzolini
Música: Aurora Martínez e Mei Samarra

Baby Esferic Territorio Violeta

Domingo, 15.12.2024 ás 11.30 e 13.00 h

- **Espectáculo sen texto, cunha linguaxe moi visual**
- **Duración: 45 minutos aprox.**
- **Público: Familiar con bebés desde 6 meses**

BABY ESFERIC é un homenaxe á Terra. Fala da maxia que nos une ao planeta e aos seus habitantes a través de diferentes historias e paisaxes. Sen texto, cunha linguaxe moi visual, unha esfera branca é a protagonista, e vaise transformando en diferentes paisaxes e simpáticos animais. Todo é redondo. A súa estética, minimalista e delicadamente visual, dá liberdade á imaxinación do espectador. *BABY ESFERIC* atrapa a maxia da terra, ao ritmo de bebé.

Boob
escena
OUTONO
2024

